



## AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

**Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados**

**Curso Académico: Curso 2016-2017**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras
  - Finalizadas curso 2016-2017
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
      - [AM MAS-1](#)
      - [AM MAS-2](#)
      - [AM MAS-3](#)
    - Criterio 2 - Información e transparencia
      - [AM MAS-1](#)
  - Finalizadas curso 2016-2017
    - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
      - [AM MAS-2](#)
      - [AM MAS-3](#)
    - Criterio 2 - Información e transparencia
      - [AM MAS-1](#)

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados
Mencións/Especialidades	Especialidade Clínica Especialidade de Xestión
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	----
Centro responsable	Facultade de Enfermaría
Centro/s onde se imparte	Facultade de Enfermaría
Rama de coñecemento	Ciencias da Saúde
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	-----
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	03/03/2009
Data renovación acreditación	11/03/2015

## CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudiantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Consideramos que o perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado en base aos seguintes aspectos:

**1.1.1. Actualización no ámbito académico, científico e profesional:**

- Actualización do Plan de Estudos

O título do Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados comezou a súa impartición no curso 2009/2010 e renovou a súa acreditación no curso 2014/2015.

No curso 2015/2016 foi aprobada a Modificación do plan de estudios coa finalidade de actualizalo. En concreto modificouse a: (a) orientación do título a académico-investigador e profesionalizante, (b) modalidade de impartición a exclusivamente presencial, (c) adscrición da especialidade de Xestión á Facultade de Enfermaría do Campus de Santiago, (d) cambio de denominación da materia Estatística que pasa a denominarse Estatística Aplicada en Atención Sanitaria, (e) redifinición e reorganización de competencias de materias e adaptación da memoria a novo formato de verificación.

- (a) O cambio a unha orientación do título académico-investigador e profesionalizante implica unha actualización continuada por parte de todos/as os/as docentes dos contidos das materias ofertadas. Sirvan como exemplo as seguintes materias:
  - Urxencias, Emerxencias e Grandes Catástrofes; Preprácticum-casos simulados e Manexo do Paciente Crítico, nos que se empregan protocolos de actuación clínica atendendo ás actualizacións de sociedades científicas e documentos de consenso, actualización tecnolóxica do sistema sanitario, etc. Entre ditas actualizacións inclúense as Guías e Manuais da Fundación Pública Urxencias Sanitarias 061, Guías do European Resuscitation Council/Consejo Español de Resucitación Cardiopulmonar (ERC/CERCP 2015); actualizacións en ventilación mecánica e sedación, etc. Con respecto ás prácticas externas (materia optativa vinculada a cada unha das especialidades) o presente curso académico a Fundación Pública Urxencias Sanitarias aumentou a oferta dende 2 quendas de 12 horas a 4 quendas de 12 horas na formación en urxencias extrahospitalarias.

- Calidade Asistencial, Xestión Sanitaria, Sistemas Sanitarios, actualización de acordos "Estándares de Calidad del Ministerio de Sanidad"<sup>1</sup>, e da Sociedad Española de Medicina Intensiva, Crítica y Unidades Coronarias (SEMICYUC).
- Metodoloxía da Investigación, Metodoloxía de Enfermería, Estatística Aplicada en Atención Sanitaria, actualización de acordo cos avances de investigación nas liñas temáticas vinculadas a materias dos módulos comúns e de especialidades, guías do *National Institute for Health and Care Excellence* (NICE), etc. No marco da materia de Metodoloxía da Investigación mantense actualizadas as habilidades de xestión da información do alumnado para buscar e analizar información proveniente de fontes diversas, as habilidades de investigación, deseño e xestión de proxectos mediante o "Curso de xestión de competencias informacionais avanzado". Vinculado ao cambio na denominación da materia de "Estatística" a "Estatística Aplicada en Atención Sanitaria", incorporáronse a utilización de ferramentas como o EPIDAT [programa de libre distribución desenvolto polo Servizo de Epidemioloxía da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade (Xunta de Galicia) co apoio da Organización Panamericana de la Salud (OPS-OMS) e da Universidad CES de Colombia], etc.

(b) En relación co perfil investigador e profesionalizante do máster, o profesorado do Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados, de acordo co seu perfil profesional:

- Presentan unha ampla experiencia na temática das materias que imparten e teñen unha actividade investigadora recoñecida (sexenios, proxectos de investigación, publicacións en revistas indexadas, dirección de teses de doutoramento, etc.) e aportan a docencia os avances derivados das súas publicacións en revistas nacionais e internacionais, de libros, de proxectos de investigación ou de a súa experiencia como expertos/figuras de referencia no ámbito das materias que imparten.
- Ademais do profesorado de la USC imparte docencia profesorado externo con experiencia no ámbito de urxencias, emergencias, manexo do doente crítico [profesionais do Sistema Galego de Saúde (SERGAS), da Fundación Pública-Urxencias Sanitarias 061], de diferentes ámbitos da xestión sanitaria (SERGAS) e da epidemioloxía, (Servizo de Epidemioloxía Dirección Xeral de Saúde Pública).

(c) A adscrición da especialidade de Xestión á Facultade de Enfermaría do Campus de Santiago, foi derivada da diminución da demanda de matrícula de alumnado no Campus de Lugo e o incremento da demanda de matrícula no Campus de Santiago de alumnado procedente tanto da Comunidade Autónoma de Galicia como de outras comunidades autónomas.

Como conclusión, consideramos que a actualización do plan de estudos:

(a) Favoreceu o incremento de alumnado egresado do máster matriculado en programas de doutoramento ou contratado/a como investigador/a en organismos públicos ou privados desta ou de outras comunidades autónomas.

---

<sup>1</sup> Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. Unidades asistenciales: Estándares y recomendaciones. Disponible en: <http://www.msssi.gob.es/organizacion/sns/planCalidadSNS/ec02-2.htm>

(b) Que a formación recibida no master de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados poda ser considerada a efectos de selección de persoal nesta<sup>2</sup> e outras Comunidades Autónomas como Asturias, Cantabria, Murcia, Madrid, etc.

#### 1.1.2.-Demanda de acceso ao título

Na táboa 1 obsérvanse os indicadores relativos a demanda do título, tanto no número de prazas ofertadas como da matrícula de novo ingreso por preinscripción. Ambos indicadores denotan que existe unha demanda de acceso mantida ao longo do tempo.

O mantemento da demanda é un aspecto a destacar xa que:

- En Galicia ofertáronse 534 prazas en másteres universitarios de ciencias da saúde no curso 2015-2016 <sup>3</sup>;
- Galicia ocupa o sexto lugar entre 17 universidades públicas presenciais por número de prazas ofertadas en másteres. As seis primeiras universidades por orde decrecente de número de prazas ofertadas son Andalucía, Cataluña, Comunidad de Madrid, Comunidad Valenciana, Castilla y León, Galicia<sup>4</sup>.
- Por outra banda, si temos en conta que parte do alumnado do máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados procede de outras comunidades autónomas é de destacar a demanda do máster por parte de ditos alumnos/as (véxase apartado ; especialmente se consideramos que a nivel de España a oferta en másteres de ciencias da saúde ten un 16,8% de incremento anual, un 18,4% de incremento dende o curso 2013-2014 a o 2014-2015 e dun 437,2% dende o curso 2006-2007 ata o 2014-2015<sup>5</sup>.
- Tamén existe demanda de alumnado estranxeiro sen contabilizar aos estudiantes matriculados en programas de mobilidade *incoming*.
- O Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados rexese por un sistema de acceso por expediente académico e límite de prazas.
- No Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados existe lista de espera de acceso ao mesmo.

Táboa 1.

	Curso académico				
	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16
Prazas ofertadas (N01M-PC-05) <sup>6</sup>	30,00	30,00	30,00	30,00	30,00

<sup>2</sup> RESOLUCIÓN de 13 de xuño de 2016, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se dispón a publicación do pacto subscrito pola Administración sanitaria coas centrais sindicais CIG, CESM-O'MEGA, CC.OO., UGT e CSIF, sobre selección de personal estatutario temporal do Sistema público de saúde de Galicia. DOG Núm. 123 Xoves, 30 de xuño de 2016.

<sup>3</sup> Oferta de plazas de máster en Universidades públicas po ComunidadAutónoma y rama de enseñanza..p.p.49. Disponible en: <https://www.mecd.gob.es/dms/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/estadisticas/educacion/universitaria/datos-cifras/datos-y-cifras-SUE-2015-16-web-.pdf> [consultado el 23 de enero de 2018]

<sup>4</sup> Oferta de plazas de máster en Universidades públicas por ComunidadAutónoma y rama de enseñanza..p.p.49. Disponible en: <https://www.mecd.gob.es/dms/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/estadisticas/educacion/universitaria/datos-cifras/datos-y-cifras-SUE-2015-16-web-.pdf> [consultado el 23 de enero de 2018]

<sup>5</sup> Evolución de los estudiantes matriculados en máster por rama de enseñanza. P.p.50 Disponible en: <https://www.mecd.gob.es/dms/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/estadisticas/educacion/universitaria/datos-cifras/datos-y-cifras-SUE-2015-16-web-.pdf>.

<sup>6</sup> Procedemento de Cálculo: Número de prazas ofertadas para cada curso académico. Achega información sobre a evolución da oferta de prazas asociada a ese título, para a reflexión sobre o proceso de captación de estudiantes na USC.

Matrícula de novo ingreso por preinscripción <sup>7</sup>	27,00	26,00	38,00	31,00	30,00
---	-------	-------	-------	-------	-------

Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Disponible en:  
<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/calidade/descargas/DatosCalidad/Masteres/Ingreso/IN01M-PC-05-Prazas-ofertadas.pdf> [3-11-2017].

### 1.1.3.Demanda de egresados

Para analizar a demanda de egresados podemos considerar o informe de "Resultados de Inserción laboral", áinda que tendo en conta que só temos datos para a cohorte de egresados do curso 2009-2010 e debendo contextualizalo coa situación económica xeral.

Cabe destacar que no primeiro, segundo e terceiro ano despois do egreso no Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados existe un Taxa de Afiliación do 66,7%, do 60% e do 73%, respectivamente. Nos tres anos o grupo de cotización é de nivel Universitario.

Os datos de referencia do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte para afiliación amosan, na cohorte de egresados do curso 2009-2010, que 1 e 4 anos despois do egreso de másteres de ciencias da saúde foi de 77,4% e de 75,6%, respectivamente<sup>8</sup> (Figura 1).

A comparación dos datos correspondentes ao Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados con respecto aos dos Másteres de Ciencias da Saúde en España ofrece resultados satisfactorios.




Figura 1.Taxa de afiliación de Másteres de CS (Ciencias da Saúde) en España versus MASXC (máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados). Elaboración propia (MªJNI). Fonte:

<sup>7</sup> Procedemento de Cálculo: Número de estudiantes que se matriculan no primeiro curso dun plan de estudos por primeira vez, é dicir, sen contar aos estudiantes que acceden a través de validación parcial de estudios estranxeiros, trasladados ou adaptacións desde plans en extinción.

<sup>8</sup> Inserción laboral de los titulados universitarios. P.p.115. Datos y cifras del sistema universitario español curso 2015-2016. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Secretaría General de Universidades. Subdiretora General de Coordinación y seguimiento Universitario. Edita: Secretaría General Técnica; Subdirección General de Documentación y Publicaciones. 2016. NIPO: 030-15-002-6 línea.

Área de Calidade e Mellora dos Procedementos USC e Datos y cifras del sistema universitario español curso 2015-2016. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Secretaría General de Universidades. Subdirectora General de Coordinación y seguimiento Universitario. Edita: Secretaría General Técnica: Subdirección General de Documentación y Publicaciones. 2016. NIPO: 030-15-002-6 línea.

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspón dese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspón dese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumple a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudiantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

**1.2.1. A oferta de módulos e materias correspón dese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.**

- O programa formativo do curso 2016/2017 sigue o establecido na Memoria Verificada do título e permite a adquisición da competencias incluídas na mesma (véxase apartado de resultados).
- Aproveitando a Modificación do título do curso 2015/2016 reorganizáronse as competencias de algunas materias, para actualizalo ao novo formato da memoria de verificación.

**1.2.2. O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspón dese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias.**

O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspón dese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. Este aspecto verífiase mediante a revisión anual das guías docentes por parte do profesorado das materias.

Por outra banda, os Departamentos con docencia no máster constitúen un elemento chave na verificación do desenvolvemento das citadas actividades e velan para que estas sexan recollidas nas guías docentes para posteriormente ser aprobadas nos Consellos de Departamento. Na Figura 2 represéntanse mecanismos xerais establecidos polos departamentos con docencia no máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados, a fin de garantir o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación.

A Comisión académica do máster e a Xunta de Facultade de Enfermería, centro ao que está adscrito a titulación constitúen outros mecanismos para velar polo citado desenvolvemento.




Figura 2. Mecanismos de garantía de desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación establecidos polos departamentos con docencia no máster. Os departamentos indícanse en recadros laranxas, por gran área de coñecemento.

### 1.2.3.O tamaño dos grupos

O número de alumnos/as por grupo ven establecido pola Normativa de Planificación Académica Anual (NPAA) segundo o tipo de docencia (expositiva, interactiva de seminarios ou de laboratorios)<sup>9</sup>.

No Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados en virtude do límite de prazas establecido para cada unha das especialidades o número de alumnos/as por grupo encontrase por debaixo do límite establecido pola normativa citada

E tendo en conta a normativa citada no parágrafo anterior, varía no caso das materias do módulo común (obrigatorias, nas que se matriculan a totalidade do alumnado e de cada unha das especialidades) e das especialidades Clínica e de Xestión (optativas vinculadas; 25 vs. 5 alumnos/as matriculados/as). Sirva como exemplo no caso da docencia expositiva que o número de alumnos/as por grupo de docencia é de 30 (módulo común), de 25 (módulo da especialidade clínica) ou de 5 (módulo da especialidade de xestión).

O tamaño dos grupos podemos veo nos indicadores IN31M-PS-01 e IN32M-PS-01.

Táboa 2. Indicadores de tamaño de grupo por tipo de docencia

Código	IN31M-PS-01
Nome	Media de alumnos por grupo de teoría
Procedemento de Cálculo	Relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de teoría.
	2011-12 2012-13 2013-14 2014-15 2015-16 2016-17

<sup>9</sup> Servizo de Xestión da Oferta e programación Académica. Normativa da Planificación Académica Anual. Disponible en: <http://www.usc.es/es/servizos/sxopra/normativapaa.html>.

Total	11,95	12,20	17,32	5,50	3,67	21,20
-------	-------	-------	-------	------	------	-------

Código	IN32M-PS-01					
Nome	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva					
Procedimento de Cálculo	Relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de docencia interactiva.					
	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
Grupos de seminario	11,59	11,89	16,37	3,72	4,00	20,57
Grupos de laboratorio	9,00	8,83	16,43	2,50	2,33	18,60
Grupos clínicos	3,86	13,00	6,33	-	-	-
Total	9,27	11,30	14,50	3,60	3,67	20,05

Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedementos USC.

#### 1.2.4.Curso de adaptación

Non existe curso de adaptación

#### 1.2.5.Mobilidade

Dado que o máster é de 60 créditos en un curso académico, ten limitada a posibilidade de mobilidade.

A mobilidade allea tivo lugar a través de programas con países sudamericanos (Chile), a través de programas como o Erasmus Mundus Acción 2 e dentro de este o programa EUPHRATES, que implica a mobilidade de India cara a Europa, ou o programa AVEMPACE+, que establece a mobilidade de Siria cara a Europa (pode consultarse información sobre ditos programas en [http://www.usc.es/es/perfis/internacional/programas/erasmus\\_mundus/erasmus\\_mundus.html](http://www.usc.es/es/perfis/internacional/programas/erasmus_mundus/erasmus_mundus.html)).

Na Figura 3 observase o % de alumnado estranxeiro sobre matriculado no máster. Queremos destacar os datos reseñados cun (\*), que indican aquellas solicitudes recibidas en relación co programa AVEMPACE+ no curso 2016-2017 de cara ao curso 2017-2018; consideramos que ditas solicitudes de acceso ao máster constitúen outro dato de interese sobre a demanda do mesmo. En particular, si consideramos que temos recibido 3 solicitudes; existindo 5 prazas disponíveis na convocatoria a nivel europeo.

O perfil do alumnado estranxeiro corresponde predominantemente a mulleres licenciadas en enfermería, con unha idade entre 25 e 35 años; variando a súa estancia dende 6 a 12 meses. Con respecto ás solicitudes no marco do programa AVEMPACE+ o perfil é de homes licenciados en medicina/odontoloxía, 2 de eles con experiencia acreditada en urxencias.




Figura 3.- Estudantes estranxeiros sobre matriculados no Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados. Elaboración: MªJ Núñez. Fonte: Área de Calidade e Mellora de procedementos (2011-2016). \* Dados derivados das solicitudes enviadas a coordinadora do máster no marco do programa de mobilidade

AVEMPACE+, mobilidade de Siria cara a Europa solicitada no curso 2016-2017 para o curso 2017-2018.

### 1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudiantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

□□□□□ A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.

□□□□□ No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarse o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.

□□□□□ No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudiantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.

□□□□□ No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudiantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

Como se citaba no apartado anterior, modificouse o título cara a unha orientación académico-investigador e profesionalizante. Por isto, realizouse un esforzo dirixido a organización das actividades formativas vinculadas tanto as materias con contido expositivo e interactivo como as prácticas externas.

A continuación indícanse os mesmos:

#### 1.3.1. Modelos de coordinación:

En relación coa coordinación horizontal, dirixida a organización as actividades formativas e de avaliación das materias que se imparten no mesmo semestre, estableceuse o mecanismo indicado na Figura 4; desenvolto mediante reunións presenciais (1/2) por semestre e/ou por medios telemáticos (2-4). Este último sistema contribuíu a organización das actividades formativas e de avaliación e a establecer mecanismos de control que permitan revisar e mellorar o proceso formativo.


A organización formativa e cronolóxica das materias tense establecido para que exista continuidade na formación a través das distintas materias do módulo común e de especialidade; intentando evitar a duplicidade de contidos.

Consideramos que ten repercutido nos indicadores relativos á avaliação das materias/profesores/coordinación, aos resultados académicos do curso académico 2016-2017 e a impedir que se produzcan duplicidades e/ou interferencias no desenvolvemento das materias que se cursan simultaneamente.


Por outra parte, consideramos que o cambio na orientación do título xa comentada ten contribuído ao incremento da demanda por parte de profesionais sanitarios tanto de enfermería como de medicina (véxase apartado 1.4.)

En relación coas prácticas externas, a súa organización establecese atendendo á entidade titular das unidades asistenciais nas que se realizan as mesmas: Fundación Pública 061 e Sistema Galego de Saúde (SERGAS) (Dispositivos de áreas EOXI)<sup>10</sup> (Figura 5), ambas dependentes da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

<sup>10</sup> EOXI de Ferrol, regulada por Decreto 193/2010, del 18 de noviembre; EOXI de Pontevedra e o Salnés regulada por Decreto 162/2011, del 28 de julio; EOXI de Ourense, Verín y o Barco de Valdeorras, creada por Decreto 163/2011, del 28 de xullo; EOXI de Vigo, creada por Decreto 46/2013, del 7 de marzo; EOXI de Lugo, Cervo y Monforte de Lemos, creada por Decreto 55/2013, del 21 de marzo; EOXI de la Coruña, creada po Decreto 168/2010, del 7 de outubro; EOXI de Santiago de Compostela, creada por Decreto 168/2010, del 7 de outubro




(A)



(B)

Figura 4. Modelo de coordinación horizontal.(A) Diagrama de flujo para a organización de actividades formativas e de avaliación.(B) Procedemento xeral de coordinación horizontal.

**A Deseño e posta en marcha do procedemento**




**B Carácter anual: revisión da oferta de prazas**



\*Por orden de expediente de acceso ao máster

(1)



(2)

Figura 5. Dispositivos nos que se realizan prácticas externas do Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados. (1) Dispositivos por área EOXI<sup>11</sup>.(2) Dispositivos da Fundación Pública-061 cos correspondentes mecanismos de coordinación.

Coordinación USC-SERGAS: USC Pessoas físicas:  
Coordinadora do Máster:

Foi responsable da fase inicial de deseño e posta en marcha do procedemento para a realización das prácticas externas en diferentes dispositivos /unidades asistenciais do Sistema Galego de Saúde (SERGAS) e na Fundación Pública 061.

É responsable de análise e de resolución de incidencias a petición da coordinadora de prácticas externas, comisión académica, etc.

**Coordinadora de prácticas externas:**

É responsable de: petición/reserva con carácter anual da oferta de prazas nas unidades asistenciais especiais e nas unidades a Fundación Pública 061. Comunicación da oferta ao alumnado. Tramitación das solicitudes de praza do alumnado. Comunicación e coordinación cos centros/unidades asistenciais. Remisión aos centros/unidades asistenciais de plan de rotacións, criterios de avaliación. Recollida e publicación das cualificacións, atendendo aos criterios e calendario académico da USC. Resolución de incidencias e de ser el caso, tramitalas a outras instancias.

**Xefa de Servizo de Docencia do Servicio Galego de Saúde/Director de Docencia e Investigación d Fundación Pública Urxencias Sanitarias 061.**

Analizan e comunican disponibilidade de prazas/rotación atendendo a carga docente existente nas diferentes unidades asistenciais, tendo en conta a formación de Grao, Posgrao, formación de residentes, etc.

**Responsables de Docencia de centros asistenciais.**

Realizan a la labor de coordinación a nivel de centro asistencial das rotacións, designan o persoal sanitario encargado de supervisar a formación do alumnado, etc.

**Supervisores da formación práctica externa nas unidades asistenciais hospitalarias e de urxencias extrahospitalarias.** Persoal sanitario de ditas unidades designado polos/as responsables do centro/unidade asistencial, profesorado asociado de ciencias da saúde da USC.**Periodicidade/modalidade das reunións**

A reunións de coordinación programáñanse tomando como referencia os momentos clave do transcurso do programa formativo. Para isto tómanse como referencia dous puntos:

- (a) calendario académico da USC a efectos de elaboración do PDA, POD, horarios, guías docentes, etc. .
- (b) no cambio de módulo formativo tanto no primeiro como no segundo semestre e tras a finalización do período de docencia en maio-xuño.

O establecemento de dito cronograma fai posible a detección e resolución, de forma puntual, de aspectos susceptibles de mellora a fin de que repercuta favorablemente no alumnado e/ou os/as docentes.

De forma presencial e/o por medios telemáticos realizanse reunións/comunicacións con carácter periódico da Comisión Académica e da coordinadora cos profesores e alumnos/as e

### Coordinación vertical

Realízase atendendo ao sistema indicado na figura 6. Establécese para garantir a coherencia no conxunto do plan de estudos, verificar o cumprimento dos resultados do aprendizaxe previstos e adecuar aos mesmos as actividades de docencia e de avaliación. Asemade, pretende garantir a secuencia temporal das materias no plan de estudos, eliminar lagoas ou solapamentos nos contidos, satisfacer ás demandas formativas do profesorado, etc.




Figura 6. Mecanismos de coordinación vertical

### 1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudiantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estos estudios.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudiantes que os cursen.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

##### 1.4.1. Análise do perfil real de ingreso e egreso

Conštátase a coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título (Táboa 3). O perfil de acceso é pronominalmente a través de titulación de Grao de Enfermería nos últimos dous cursos académicos. Con cursos previos prevalece o acceso de Diplomados en Enfermería. As licenciaturas corresponden a Medicina, Psicoloxía e Farmacia.

Táboa 3. Matrícula de acceso no Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados.

Código	<a href="#">IN03M-PC-05</a>					
Nome	<u>Matrícula de acceso</u>					
Procedemento de Cálculo	<u>Número de estudiantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez. Inclúe ao alumnado que traslada o seu expediente, que accede por validación parcial de estudios estranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción.</u>					
	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17
<u>Grao</u>	0,00	0,00	25,00	12,00	24,00	25,00
<u>Diplomatura, Enxeñaría Técnica ou Arquitectura Técnica</u>	26,00	25,00	13,00	17,00	5,00	3,00
<u>Licenciatura, Enxeñaría ou Arquitectura</u>	1,00	0,00	0,00	2,00	-	1,00
<u>Titulo Superior non Universitario</u>	0,00	0,00	0,00	-	-	-
<u>Titulo estranxeiro dunha institución de educación superior pertencente ao EEES</u>	1,00	1,00	0,00	-	1,00	-
<u>Non consta</u>	0,00	0,00	0,00	-	-	-
<u>Non aplica</u>	0,00	0,00	0,00	-	-	-
<u>Sen asignar</u>	0,00	0,00	0,00	-	-	-
<b>Total</b>	<b>28,00</b>	<b>26,00</b>	<b>38,00</b>	<b>31,00</b>	<b>30,00</b>	<b>29,00</b>

Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedementos USC.

#### 1.4.2. Perfil de acceso en función da nota media

A nota media de acceso ao Máster é elevada (Táboa 4) o que supón que os estudiantes que se matriculan veñen cunha alta cualificación, procedentes maioritariamente do/da Diplomatura/Grao en Enfermaría. A nota de acceso experimentou unha tendencia alcista nos últimos anos o que nos indica que a demanda para acceder a titulación aumentou.

Táboa 4. Nota media de acceso por preinscripción

Código	IN06M-PC-05		
Nome	Nota media de acceso por preinscripción		
Procedemento de Cálculo	Nota media de acceso por preinscripción dos estudiantes que inician estudos. Determina o perfil de entrada , informando sobre a nota media de acceso ao título.		
	2014-15	2015-16	2016-17
Total	7,29	7,81	7,89

Fonte: Área de Calidade e Mellora dos Procedementos USC.

#### Perfil de procedencia xeográfica

Nos 2 últimos cursos académicos aumentou a demanda de acceso ao máster dende outras comunidades autónomas (e en particular no presente curso académico; sendo as comunidades de procedencia Asturias, Cantabria, Castilla e León, Murcia, etc., (Figura 7).

Con respecto ao alumnado estranxeiro a procedencia do alumnado que desexa acceder ao Máster indicase no apartado de mobilidade.




Figura 7.-Alumnado matriculado en el Máster de Atención Sanitaria, Xestión e

Coidados de outras Comunidades Autónomas. Elaboración propia: MJ Núñez.

Fonte: Área de Calidade e Mellora de procedementos (2011-2017). Datos

recabados pola coordinadora del máster

(2017-2018).

#### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

□□□□□ A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas

externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudiante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

- O título cumpre co establecido nas normativas de permanencia, sistema de transferencia e recoñecemento de créditos e de avaliación establecidas con carácter xeral pola Universidade.

No que se refire aos Traballos Fin de Máster e prácticas externas, o título cumprindo a normativa xeral da Universidade nestes ámbitos, desenvolveu a súa normativa propia, adaptándoa as peculiaridades do Máster.

En relación co Traballo Fin de Máster, tendo en conta que a maioría son traballos ou proxectos de investigación no ámbito da práctica asistencial e ao fin de garantir o cumprimento das consideracións ético-legais establecérese unha medida de mellora reflectida no apartado correspondente ao final deste autoinforme.

A través do desenvolvemento normativa trátase de facer mais eficientes os procedementos, redundando en consecuencia coa eficiencia xeral do título.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidad.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está disponible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudiantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidad.**

Aspectos a valorar:

- Públicase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados conta con tres niveis de información pública sobre o título en canto ao seu programa formativo, o desenvolvemento e os resultados alcanzados.

- **Primeiro nivel:** É o publicado na páxina xeral da Universidade [www.usc.es](http://www.usc.es) dende a cal o estudiantes poden acceder a información de calquera título de máster oficial. Especificamente inclúense os seguintes apartados Información do título, Obxectivos, Competencias e saídas profesionais, Plan de Estudos, Oferta e Admisión e Outra información (TFM, Plan de Acción Titorial e programa de acollida, Prácticas en Empresas, Mobilidade, Normas de permanencia, Normas de Avaliación e Resultados)
- **Un segundo nivel:** É o publicado na páxina web da Facultade de Enfermaría no que se recollen os vínculos á información dos títulos publicada na páxina xeral da Universidade e se publican outra información relevante como pode ser a relativa ao Traballo Fin de Máster (liñas de investigación,), as Prácticas externas, etc.
- **Un terceiro nivel:** Sería unha web propia no que se desenvolverían aspectos mais concretos e divulgativos do título. Nestes momentos estase a desenvolver a creación deste web propia que estará enlazada dende a web da Facultade.

A través da existencia destes tres niveis de información garántese un fácil acceso á información do título, a todos os grupos de interese.

A información publicada nos distintos niveis está permanentemente actualizada e é obxectiva e coherente coa contido da memoria, que se atopa, igualmente publicada no apartado de información do título.

Por último, reseñar que nos procedementos que así o esixen publicase información no taboleiros da Facultade

Outra medidas para garantir o fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese e a disponibilidade de información individualizada mediante correo electrónico a partir dun documento FAQ elaborado pola coordinadora do máster sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento, etc.

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO****CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e proponer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidad do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidad da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Anualmente, a Comisión Académica e a Comisión de Calidade, a través, principalmente da elaboración do informe de seguimento e a Memoria de Calidade, analiza os resultados do título e os compara co establecido na Memoria. Establecendo as Accións de Mellora que corrixan as diverxencias detectadas.

Periodicamente a Comisión de Calidade do Centro reúne para analizar o grao de execución das Accións de Mellora.

As accións de Mellora establecidas acórdanse de xeito coordinado entre os Centros de Santiago e Lugo a través de reunión periódica da Comisión do Título.

É, principalmente, a través da análise das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e coas taxas de rendemento, éxito e avaliación globais e particulares de cada materia, como se establecen accións de mellora da calidad da ensinanza e o profesado. Da análise destes datos podemos concluir que en xeral son moi bons e non precisan de accións de mellora concretos.

O procedemento de suxestión e reclamacións é conforme ao establecido na memoria e réxese pola Normativa xeral da Universidade <http://www.usc.es/gl/servizos/oar/documentacion.html>, que establece 3 canles de recepción.

- A través da Oficina de Análise de Reclamacións
- A través do Valedor da Comunidade Universitaria
- A través do Decanato.

A Facultade, coa finalidade de facilitar a comunicación de suxestións e reclamacións, estableceu na páxina web do centro un apartado específico para o envío das mesmas.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introducción de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Periodicamente a Comisión de Calidade (ver Evidencia 5) fai un seguimento do estado de execución das Accións de Mellora, analizando ao finalizadas se foron ou non eficaces. No caso de non ser eficaces establécense novas accións de Mellora.

Tras o proceso de renovación da acreditación do Máster e os informes de seguimento emitidos, estableceránse as accións de mellora encamiñadas a seguir as recomendacións que aparecían nestes informes.

Destas accións de mellora e a súa eficacia dáse conta nos Autoinformes de seguimento do Máster e que están publicados na páxina web da Facultade de Enfermaría, na sección de Calidade.

[http://www.usc.es/gi/centros/enfermaria\\_stgo/sqic.htm](http://www.usc.es/gi/centros/enfermaria_stgo/sqic.htm)

**3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A Comisión de Calidade elabora anualmente a Memoria de Calidade na que se recolle a análise e revisión do Sistema de Garantía de Calidade.

A elaboración, implicación e seguimento de melloras do Sistema de Garantía de Calidade realizase a través da devandita Comisión de Calidade do centro, que na súa composición están representados os distintos grupos de interese (PDI; PAS e Estudantes).

Na actualidade está programada una revisión do SGIC que ven de recollerse no informe de renovación de Acreditación do Grao en Enfermaría, pero que tamén afecta ao resto de títulos impartidos no centro, incluído o Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados.

A percepción dos docentes en relación a xestión da calidade é boa, situándose por riba de 3, tal e como podemos ver na seguinte táboa (Táboa 5).

Táboa 5.

**-XESTIÓN DA CALIDADE-**

Manífestate o seu nivel de acordo cos seguintes enunciados (1 moi en desacordo, 5 moi de acordo).

	Puntuación mínima recibida	Valoración do curso	Taxa de resposta	Valoración USC 16/17
<b>A información dispoñible en relación coa calidade</b>	3	3,25	100,00%	3,84
<b>As canles para realizar queixas, suestións e /ou parabéns</b>	2	3,00	100,00%	3,88
<b>As vías de participación na mellora da calidade da titulación</b>	2	3,50	100,00%	3,79
<b>A información pública dispoñible sobre a titulación</b>	3	4,00	100,00%	4,10

No caso do alumnado a percepción é boa en relación ás canles existentes para a realización de queixas, suxestións e/ou parabéns. Non obstante, no caso da información pública dispoñible non proporciona unha boa valoración (Táboa 6).

Neste sentido programouse como acción de Mellora o estudo das razóns que levan ao alumnado a dar un cualificación baixa e a creación dunha páxina propia do Máster que veña a complementar a información existente na páxina da Facultade.

Táboa 6.

**-XESTIÓN DA CALIDADE-**

Manifeste o seu nivel de acordo cos seguintes enunciados (1 moi en desacordo, 5 moi de acordo).

	Puntuación mínima recibida	Valoración do curso	Taxa de resposta	Valoración USC 16/17
<b>As canles para realizar queixas, suxestións e /ou parabéns</b>	2	3,00	100,00%	2,92
<b>A información pública dispoñible sobre a titulación</b>	1	1,75	100,00%	3,16

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudiantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico.** O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudiantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudiantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
